

## CICLOXÉNESE DE VERSOS

Desde a hora de Lingua galega do Agrupamento de 2º ESO aproveitamos a colaboración con Meteoescolas para traballar as emocións asociadas á meteoroloxía a través da poesía.

### Obxectivos da actividade

- Adquirir léxico asociado á meteoroloxía en galego.
- Recoñecer estados emocionais relacionados co tempo.
- Entender os recursos estilísticos empregados na poesía galega.

Na primeira sesión, o alumnado

Nunha **primeira sesión**, o alumnado achegouse ao léxico básico relacionado cos fenómenos atmosféricos (*ir frío/calor, sarabiar, xear, zoar o vento, suar / a suor, orballo, brétema, chuvasco, anubrarse...*). Ademais de empregarmos o encerado para ir descubriendo as palabras novas, proxectamos algunha infografía de Orgullo galego e vídeos do Dígocho Eu (como [este](#) ou [este](#)). Como documento inicial co que presentar o tema, amosamos esta viñeta de Luís Davila, que nos permitiu crear unha pequena avaliación inicial para saber que alumnos/as coñecían todas as palabras que di a guía e cales se sentían, como os turistas da imaxe, máis ben perdidos.



Posteriormente, por parellas, traballamos a descrición de mapas do tempo oíndo algúns partes meteorolóxicos como modelo.

Na **segunda sesión**, preguntámoslles se coñecen cancións ou poemas galegos relacionados co tempo e, a continuación, proxectamos e lemos algúns dos máis coñecidos, como os da lista de embaixo ou [deste blog](#).



### Cancións e poemas sobre o tempo

- O tempo meteorolóxico (Magín Blanco)
- Fai un sol de carallo (Os Resentidos)
- Como chove miudiño (Rosalía)
- Se chove (Treixadura)
- Coma o vento (Diplomáticos)
- Oliveira dos cen anos (C Tangana)
- Cedeira (Guadi Galego)
- Unha mañá de setembro (Sés)
- Tempestades de sal (Sés)
- Voa o aire (Xabier Díaz)
- Cain as follas (Woyza)



Traballamos entre todos a comprensión dos poemas: que tempo vai? como o podemos dicir con outros sinónimos? que estado de ánimo transmite a voz poética? a que sentimentos ou sensacións vai asociado cada estado do tempo? Aproveitamos para traballar recursos como a metáfora, a personificación, a antítese, a comparación e a hipérbole.

Na **terceira sesión**, explicamos as características do haiku a través dunha presentación en Canva: <https://canva.link/lb832e37rulcpc3>

Na nosa explicación incidimos no feito de que os haikus son poemas de orixe xaponesa que nacen moi relacionados coa meteoroloxía, o cambio das estacións e a contemplación da

paisaxe. Sempre teñen dous primeiros versos descriptivos da paisaxe ou do tempo atmosférico e un verso final inesperado.



OBRADOIRO DE ESCRITA

## Os haikus

Lingu  
Sarc

### A clave dun bo haiku

Para que un haiku sexa efectivo, debe transmitir ben o *aware*, que é como os xaponeses chaman á emoción que nos reza.

**azen** (rama promulgaba tureza).



### Algúns haikus xaponeses...

Vento outonal  
1 2 3 4 (aguda) + 1 = 5

move o estor de bambú  
1 2 3 4 5 6 + 1 = 7

e o corazón.  
1 2 3 4 (aguda) + 1 = 5

Ransetsu


}

Elemento descriptivo  
OUTONO

Elemento inesperado





Rematamos o obradoiro de escrita tentando aplicar todo o aprendido coa realización dun haiku por parte de cada alumno e a exposición destes no corredor.





**QUE TEMPO ESTÁ HOJE?**




Desde a materia de 2ª lingua estranxeira - Portugués en 1º ESO aproveitamos a colaboración con Meteoescolas para traballar unha introdución ao vocabulario asociado á meteoroloxía.

### Obxectivos da actividade

- Adquirir léxico asociado á meteoroloxía en portugués.
- Presentar a estación meteorolóxica para o alumnado de 1º ESO.
- Expresar o tempo seguindo un mapa de Portugal.

Nunha **primeira sesión** presentamos as diapositivas coas instrucións en portugués do funcionamento da estación meteorolóxica e imos facer a medición semanal:

<https://canva.link/zo7gl4u4fsuompx>



Nunha **segunda sesión** continuamos coa presentación de diapositivas e aprendemos vocabulario e expresións relacionadas co tempo atmosférico en portugués.



Na **última sessão**, trabalhamos oralmente com este vocabulário e com mapas do tempo em português.

**A PREVISÃO DO TEMPO**  
Faça diálogos.

2ª feira	3ª feira	4ª feira	5ª feira	6ª feira	sábado	domingo
						



Como será o tempo na 2ª feira?

Na 2ª feira vai.....

